

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2008.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Edgar Antonio Vigo López (se incorpora á sesión no momento que se expresa na acta).  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as D. Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, D. Edgar Antonio Vigo López (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na acta), Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA.**

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia da sesión ven motivada pola urxencia dos propios asuntos; que, en canto ao segundo punto, pola necesidade de aprobar a participación do Concello no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009, toda vez que segundo Circular da Deputación de data 3 de setembro de 2008 o prazo para remitir a documentación remata mañá día 29 de novembro non poidendo terse convocado con anterioridade ao terse entregados os proxectos técnicos das obras en data 26 de novembro de 2008.

Continúa a súa intervención e di que en canto ao punto terceiro da orde do día, a urxencia ven motivada pola necesidade de aprobar o modelo de declaración de bens patrimoniais e de

participación en sociedades de todo tipo axustado ao disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, por dúas cuestións, por unha banda pola necesidade de que o Concello de Fene adapte o seu modelo de declaración dos bens dos concelleiros e concelleiras desta Corporacións aos cambios legislativos que se produciron desde a toma de posesión como edís deste Concello, e que hai que facer de novo antes de que remate o presente ano, e tamén polo feito de que hai que cubrir unha vacante de Concelleiro tra-la dimisión do señor Manuel López Rodríguez, vacante que haberá que cubrir na seguinte sesión do pleno ordinario, polo que para ese día débese ter adaptado o modelo de declaración de bens.

De seguido pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia da convocatoria e dos asuntos incluídos na orde do día, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

## **2.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2009.-**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a Circular para elaborar o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal para o ano 2009 remitida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

Vistos os proxectos técnicos das obras: “Pavimentación dos camiños de Carqueixa e Punxeiro e saneamento de augas fecais en Lubián, no camiño do Catalán e na Rúa Travesa (Fene)”, Proxecto de Mellora de Mellora de seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende PK 0+755 ata P.K. 0+820 (marxe dereita)” e “Proxecto de mellora de beirarrúas entre a Avda. do Mar e Avda. da Cooperación (3ª Fase)”, elaborados polo enxeñeiro de Camiños, D. Marcelino López Méndez.

Vistos os informes emitidos polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en relación a ditos proxectos de datas 27 e 26 de Novembro de 2008 que, transcritos din:

Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DA CARQUEIXA E PUNXEIRO E SANEAMENTO DE AUGAS FECALIS EN LUBIÁN, NO CAMIÑO DO CATALÁN E NA RUA TRAVESA (FENE)”. Consultor: PROYFE, S.L. / Autor: E.C.C.P. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ / Importe: 254.731,73 €/ Novembro de 2008.**

En relación co proxecto da referencia, Lino Ameneiro Seijo, Enxeñeiro de Camiños Municipal informa:

1.- O obxecto do proxecto que se informa consiste en diversas obras, de dous tipos principais: pavimentacións e saneamentos, que afectan a cinco emprazamentos con circunstancias diferenciadas.

As obras poden resumirse nas seguintes:

- Pavimentación do Camiño da Carqueixa (Perlío), mediante tratamento de regos superficiais asfálticos sobre base granular.

- Pavimentación do Camiño do Punxeiro (Magalofes) mediante formación de caixa ata 8,00 m determinado polo PXOM/Rev. 98 e tratamentos superficiais asfálticos sobre base e sub-base granular.
- Saneamento en Lubián (2ª Fase) (Sillobre) mediante a execución dun colector principal de PVC Ø 315 mm ao longo da estrada Fene-Magalofes de 737 m, catro ramais secundarios de 262 + 185 + 169 + 141 m de lonxitude e os correspondentes pozos de rexistro e reposicións de pavimentos afectados.
- Saneamento no Catalán (Maniños - Barallobre) mediante a execución dun colector principal de PVC Ø 315 mm de 327,5 m, un ramal secundario de 111 m de lonxitude e os correspondentes pozos de rexistro e reposicións de pavimentos mediante tratamentos superficiais asfálticos.
- Saneamento dende a Rúa Travesa ata Avda. de Tarrío (Perlío) mediante a execución dun colector de PVC Ø 400 mm e 180 m de lonxitude de augas residuais que modificará a conexión actual por mor dos problemas continuos de desbordamento da conducción actual, que provoca situacións sanitariamente inadmisibles, os correspondentes pozos de rexistro e reposicións de pavimentos mediante tratamentos superficiais asfálticos.

prevéndose un prazo de execución de catro (4) meses.

**2.-** O Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 107 da Lei de Contratos do Sector Público e no Regulamento Xeral da Lei de Contratos en canto a memoria xustificativa, planos, prego de condicións, presuposto, etc., incluíndo a correspondente declaración de obra completa segundo especificado no Art. 93 da Lei 30/2007 de C.S.P., o que debe entenderse aplicado a cada unha das actuacións diferenciadas

**3.-** Para cada unha das actuacións proxectadas procede indicar as seguintes observacións:

**3.1.-** Pavimentación do Camiño da Carqueixa (Perlío).

O Camiño da Carqueixa, situado en Perlío, e transversal á Rúa Baixa está empezado e discorre por Solo Urbano Consolidado, Norma Zonal U-1 segundo PXOM/Rev. 98, dando servizo a varias vivendas .

A largura prevista é de 11 m en xeral, con ancheamento de ata 19 m na intersección coa Rúa Baixa si ben os planos de ordenación do PXOM/Rev. 98 conteñen contradicións sobre as dimensións por canto da medición directa resultan os citados 19 m mentras que graficamente se indican só 9 m e por outra parte na intersección voa Rúa Baixa coincide coa Rúa Mundín que ten unha largura de 14 m, tanto grafiada como en medición real. Estas contradición quedan recollidas no plano 2.1/1 de 1 do proxecto, extraído do PXOM/Rev. 98.

Na práctica a largura real actual é moi inferior ao 11 m, e o vial só dispón dun firme de zahorra.

O proxecto contempla unicamente a pavimentación da traza existente sin ocupación total da largura prevista no PXOM/Rev. 98 o que requiriría a ocupación dunha superficie de parcelas privadas importante si ben o vial xa existe e está previsto, como se indicou, cunha largura distinta á actual no PXOM/Rev. 98 polo que non resulta de aplicación o Art. 35 da Lei 9/2002 de O.U.P.M.R.G. relativo á limitación de apertura de camiños.

Agora ben, dado que a planta de trazado e sección transversal irregular de calzada non se corresponde coa prevista de 11 m no Plan Xeral, a pesar da contradicción existente na intersección coa Rúa Baixa, e que o proxecto non contempla a ocupación de todo o largo de 11,00 m, a actuación só pode considerarse adaptada ao PXOM/Rev. 98 si se entende como unha primeira fase de ocupación, o que debe considerar a Corporación. A adaptación ao PXOM/Rev. 98 requerirá resolver a contradicción do planeamento e proceder a expropiación de terreos.

### **3.2.- Pavimentación do Camiño do Punxeiro (Magalofes).**

Xa con anterioridade, en data 17 de agosto de 2.005 foi emitido polo funcionario que suscribe o *INFORME SOBRE "PROXECTO / PLAN COMPLEMENTARIO Ó P.O.S. 2006: PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO PUNXEIRO (MAGALOFES)" ELABORADO POR D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ, DE PROYFE, S.L. / Xullo de 2.005 / Importe Total: 42.377,19 €* por canto este proxecto fora incluído inicialmente no P.O.S. 2006.

Dado que non existen variacións do planeamento municipal dende 2005 mantéñense as consideracións do citado informe que se reiteran.

O obxecto do proxecto que se informa consiste na pavimentación do vial de titularidade municipal que discorre entre Fontenova e Punxeiro (límite con Cabanas) en Magalofes.

Inclúense as seguintes unidades: apertura ata unha anchura total de 8,00 m segunda medición do plano 4.1/1 de 1 adaptado ao PXOM/Rev. 98; apertura de cunetas lonxitudinais e pavimentación mediante zahorra+grava+tratamento superficial a base de regos asfálticos con selado final.

A pavimentación mediante regos asfálticos segue o criterio habitualmente empregado pola Corporación de Fene con anterioridade en canto a tipo e calidade de materiais na rodadura para os viais de menor importancia como é o caso.

O devandito camiño está recollido no vixente PXOM/Rev. 98 cunha largura de 8,00 m discorrido por solo rústico (S.R.E.P.A. e S.R.A.U.) na súa totalidade de trazado, que segue o existente actualmente polo que, en interpretación do funcionario que suscribe non resulta de aplicación o Art. 35 da Lei 9/2002 de O.U.P.M.R.G. relativo á limitación de apertura de novos camiños.

En consecuencia infórmase favorablemente en canto aos aspectos técnico-urbanísticos a efectos de aprobación polo Concello facendo constar que pola situación en solo rústico resulta de aplicación o previsto nos Arts. 35 a 41 da Lei 9/2.002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2.004 do 29 de decembro, si ben se reitera que no caso presente o trazado xa existe previamente e está ademais previsto no PXOM/Rev. 98 e non supón nova apertura senón ancheamento, consolidación e pavimentación do vial actual polo que haberá de informarse por Secretaría, con esta consideración, a posible necesidade de obter a autorización previa autonómica.

### **3.3.- Saneamento en Lubián (2ª Fase) (Sillobre).**

A 2ª Fase do saneamento en Lubián prevé a execución dun colector principal de PVC Ø 315 mm ao longo da estrada Fene-Magalofes de 737 m, xunto con catro ramais secundarios de 262 + 185 + 169 + 141 m de lonxitude cos correspondentes pozos de rexistro e reposicións de pavimentos afectados. A obra xustifícase ademais por tratarse do remate efectivo dun tramo de colector previsto en proxecto independente anterior en tramitación para servizo a Lubián.

Toda a zona de Lubián está incluída no vixente PXOM/Rev 98 como Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), clasificación pouco coherente coa realidade de ocupación do territorio que debera corresponder, con mellor ordenación efectiva, a un solo de núcleo rural (si ben en superficie moi reducida respecto da total incluída no S.R.A.U. do plan xeral) á vista da consolidación, emprazamento respecto do solo urbano de Fene e Sillobre e mesmo organización formal da ocupación, tipoloxía e antigüidade da maior parte das edificacións existentes.

Polo emprazamento en S.R.A.U. resulta de aplicación o previsto nos Arts. 33, 34 e 36 da L.O.U.P.M.R.G. 9/2002 modificada pola 15/2004 en canto á admisibilidade ou non da actuación en solo rústico.

En efecto, o Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G. establece dentro dos usos en solo rústico de protección ordinaria (aplicable ao S.R.A.U.) permitidos por licenza municipal as instalacións recollidas no Art. 33.2.f): “f) *Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren*”, de maneira que a rede de saneamento que se proxecta está incluída dentro das citadas.

Caben dúas referencias segundo se considere a aplicación da competencia para autorización da obra que corresponde pois ao Concello, ou ben a admisibilidade da mesma por razón de consideración da urbanización que poida implicar.

Neste senso, é evidente que a instalación do servizo de saneamento nunha zona de solo rústico como corresponde á zona de Lubián si que implica unha certa urbanización “de facto” ao facilitar este servizo aos propietarios de fincas aínda que non supoña unha recalificación de dereito das mesmas e de feito as condicións para unha posible edificación nas parcelas non se modifican dado que non existen todos os servizos urbanos públicos (en particular abastecemento) de maneira que na práctica a instalación do saneamento, requerido por outra parte en canto aos servizos que segundo Art. 26 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local os concellos deben prestar aos cidadáns, sin diferenciación de ubicación no territorio (**Art. 26. 1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: En todos los Municipios: a) Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, **alcantarillado**, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas. ...) pode entrar en contradicción segunda disposición que se considere prevalente.**

Polo tanto, e seguindo criterios da Deputación Provincial ó respecto, resultaría admisible a instalación considerada como colector de sistema xeral de saneamento disposto discorrendo pola estrada Fene – Magalofes que cruza Lubián (denominado “Colector F” no plano 5.1/1 de 1) mentras que os ramais (G, H, I, J do plano 5.1/1 de 1) haberían de ser excluídos.

En todo caso, e á vista do previsto nos Arts. 36 e 41 da L.O.U.P.M.R.G. a efectos da interpretación correcta sobre o caso cabería tramitar a oportuna solicitude de autorización autonómica para esta instalación.

En canto a aspectos técnicos de materiais, solución empregada, normativa técnica de aplicación, etc., o proxecto adáptase aos requerimentos de aplicación.

**3.4.-** O saneamento no Catalán (Maniños - Barallobre), obra que inclúe a execución dun colector principal de PVC Ø 315 mm de 327,5 m, un ramal secundario de 111 m de lonxitude e os correspondentes pozos de rexistro e reposicións de pavimentos mediante tratamentos

superficiais asfálticos está nunha situación similar ao caso citado de Lubián xa que os viais e as vivendas ás que da servizo sitúanse en S.R.A.U.

Resultan pois de aplicación as anteriores consideracións en canto á imposibilidade legal de execución de obras ou infraestructuras que impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos afectados e ao mesmo tempo a obriga legal do Concello de suministrar o servizo de alcantarillado aos veciños independentemente polo que en definitiva só cabe reiterar o exposto para Lubián: consideración posible como colector xeral do tramo ao longo do Camiño do Catalán e ramal lateral secundario (ramal C-1 de proxecto) ao longo do Camiño de Casaredo e, para maior seguridade xurídica, tramitación de solicitude de outorgamento de autorización autonómica.

En canto a aspectos técnicos de materiais, solución empregada, normativa técnica de consideración, etc., o proxecto adáptase aos requerimentos de aplicación.

### **3.5.- Saneamento dende a Rúa Travesa ata Avda. de Tarrío (Perlío).**

Esta obra, consistente nun colector de PVC  $\varnothing$  400 mm e 180 m de lonxitude para augas residuais procedentes de varios puntos de Fene, polígono industrial Vilar do Colo e Magalofes plantéxase para resolver un grave problema sanitario orixinado polos frecuentes desbordamentos da conducción actual que discorre pola Rúa Travesa, con afección a parcelas e vivendas particulares debido ás condicións xerais da rede de saneamento no entronque das Rúas Travesa e da Fraga.

A conducción de colector proxectada cruza entre a Rúa Travesa e a Avda. de Tarrío, a través da Área de Planeamento Específico 11 (A.P.E. 11) de Centieiras, pendente de desenrolo en tanto non se resolva a aprobación definitiva do Plan Parcial tramitado.

De feito, a traza da conducción proxectada non discorre por viais previstos no P.P. senón por un sendeiro que á súa vez cruza unha parcela prevista de Equipamento (Eq. 34 SL).

A solución de traza xustifícase como provisional en tanto non se aprobe e desenrole mediante urbanización a A.P.E. 11 de Centieiras e de feito non poderá ser empregado como colector final da urbanización por non discorrir baixo trazas previstas de rúas de maneira que esta actuación, urxente por razóns de funcionamento da rede de saneamento, tecnicamente non se pode considerar como elemento de urbanización da citada A.P.E. 11.

Co criterio exposto e considerando a razón da necesidade de execución da obra e que en ningún caso poderá implicar a utilización posterior como elemento de urbanización senón que haberá de ser adaptado á disposición final de rúas urbanizadas, infórmase favorablemente co citado carácter de provisionalidade.

En canto a aspectos técnicos de materiais, solución empregada, normativa técnica de consideración, etc., o proxecto adáptase aos requerimentos de aplicación.

**4.-** En resume, nos aspectos urbanísticos de competencia da Oficina Técnica Municipal o proxecto infórmase favorablemente de xeito global condicionado ás observacións particulares dos apartados seguintes que poden implicar modificacións segundo resulte de informes complementarios:

3.1 relativo á consideración como primeira fase de actuación de pavimentación do Camiño da Carqueixa (Perlío) por non adaptarse na largura ás previsións do PXOM/Rev. 98,

3.2 relativo á pavimentación do Camiño do Punxeiro (Magalofes) en canto a actuación en S.R.E.P.A.,

3.3, relativo ao Saneamento en Lubián (2ª Fase) que pode considerarse admisible en canto ao tramo de colector principal central, debendo requerirse autorización autonómica para os ramais laterais por posible consideración de obra de urbanización.

3.4, relativo ao saneamento no Catalán (Maniños - Barallobre), similar ao caso de Lubián, e para o que se propón unha tramitación autonómica similar,

3.5, consideración do saneamento dende a Rúa Travesa ata Avda. de Tarrío (Perlío) como obra provisional disposta nunha A.P.E. pero que non pode ser empregada finalmente como obra de urbanización futura dentro da urbanización do ámbito de Centeiras.

En Fene, a 27 de novembro de 2.008.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal”

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA AVDA. MARQUÉS DE FIGUEROA DENDE P.K. 0+755 ATA P.K. 0+820 (MARXE DEREITA)”.**  
**Consultor: PROYFE, S.L. / Autor: E.C.C.P. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ / Importe de execución por contrata: 51.373,21 €/ Novembro de 2006.**

**Ref.: Informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal sobre o proxecto do asunto, de 20 de decembro de 2.006.**

En relación co proxecto da referencia, Lino Ameneiro Seijo, Enxeñeiro de Camiños Municipal informa:

1.- O obxecto do proxecto que se informa consiste na reurbanización, novo ordenamento (parcial) de beirarrúa e substitución de servizos de saneamento de augas pluviais e alumeadado público, na Avenida Marqués de Figueroa en Perlío nun tramo da marxe dereita de baixada de 65 m, entre os cruces coas Rúas Antonia Montero e Xunqueira, en Perlío, cun trazado condicionado polas alineacións fixadas no P.X.O.M./Rev. 98 do Concello de Fene e construcións existentes lixeiramente fóra de aliñación pero coa mazá totalmente consolidada.

As obras poden resumirse nas seguintes:

- Reposición de bordiños con axuste da ubicación na parada de autobuses.
- Substitución do pavimento de beirarrúas mediante baldosas prefabricadas de formigón de cor clara de 60x40 cm<sup>2</sup> con tratamento final abuxardado. Execución de ramplas de acceso nos pasos peonís para mellorar as condicións de accesibilidade.
- Reposición de pavimento de calzada afectado polas obras.
- Substitución da rede de saneamento actual de pluviais por tubería de PVC de  $\phi = 630$  mm (deseñada para unha chuvia de período de retorno de 2 anos), con recollida de baixantes de edificios mediante arquetas.
- Alumeadado (conducción de  $\phi = 63$  mm) mediante columnas de dobre luminaria a dúas alturas (4,30 e 9,00 m) para distinguir a área peonil da calzada e reserva de servizos (4 tubos de PVC  $\phi = 110$  mm).
- Disposición de Mobiliario urbano.
- Sinalización.
- Reserva de canalización para certos servizos.

**2.-** Tal e como se recolleu no informe anterior citado de 20/décembro/2006 o Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 124 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no Regulamento Xeral da L.C.A.P., vixentes no momento da redacción, en canto a memoria xustificativa e anexos, planos, prego de condicións, presuposto, estudo de seguridade e saúde, etc., especificándose o cumprimento da regulamentación vixente en materia de accesibilidade e con declaración de obra completa (aptdo. 15 da Memoria).

Dado que na actualidade a L.C.A.P. foi substituída pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e que o expediente de contratación das obras obxecto do proxecto non está iniciado, en aplicación da disposición transitoria primeira da LCSP resulta de aplicación ao caso a propia L.C.S.P.

Agora ben, os requirimentos de contidos dos proxectos recollidos no Art. 107 da L.C.S.P. son sensiblemente coincidentes cos citados Arts. 124 do TRLCAP e no Regulamento de Contratos polo que se mantén a consideración de que o proxecto contén os documentos requeridos polo Art. 107 da L.C.S.P.

**3.-** Reitérase o indicado no aptdo. 3 do informe de 20/déc./2006 en canto a que as obras manteñen os criterios de tipoloxía, materiais de instalacións e pavimentos, seccións, mobiliario urbano, etc.; en suma, a formalidade xeral, xa aprobados e empregados para os distintos e sucesivos proxectos de reurbanización dos tramos iniciais da Avda. Marqués de Figueroa, executados ata a actualidade.

Por outra parte, o proxecto adopta a aliñación viaria prevista no PXOM/Rev. 98, co mesmo criterio empregado nos tramos anteriores de reurbanización consistente en deixar fóra de aliñación os edificios existentes que non se adaptan de maneira precisa á previsión, dispoñendo 2 carrís de circulación (1 por sentido), aparcamentos en liña (ou parada de autobuses) e beirarrúa, con prevalencia de ésta frente ao aparcamento no caso de edificios moi saíntes ou cando, como é o caso, os acordos entre aliñacións non permiten por razóns de visibilidade o aparcamento nas esquinas.

**4.-** Ao igual que nas fases anteriores debe facerse referencia a que as canalizacións previstas para reserva de servizos non se adaptan aos requirimentos fixados pola compañía de distribución eléctrica (UNIÓN FENOSA) nin de forma completa en canto a dimensións de arquetas e outros aspectos ós requirimentos xerais de TELEFÓNICA nin da compañía de comunicacións por cable R que está xa implantada en Fene e que dispón de rede na propia Avda. Marqués de Figueroa.

Polo tanto, para evita-lo posterior levantamento de pavimentos en caso de instalación de novas redes das citadas empresas debería comunicarse a éstas e ás restantes de servizos públicos (UNIÓN FENOSA; TELEFÓNICA; R; GAS GALICIA) a previsión da realización das obras polo Concello a fin de que, durante a execución das mesmas, se simultaneen as de urbanización coa posible montaxe dos servizos de titularidade privada, á conta de cada empresa interesada, si resultase de interese en función das respectivas previsións de substitucións, modificacións ou ampliacións de liñas segundo previsto no Art. 6.7.4.3 do vixente POM/Rev. 98 de Fene, en coincidencia coa execución das obras, para redución de custos e das molestias orixinadas a veciños, usuarios e aos propios servizos municipais (abastecemento, saneamento e alumado público).

**5.-** A titularidade da Avda. Marqués de Figueroa / AC-133 Fene-Mugardos corresponde á Xefatura de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e as obras afectan non só ás beirarrúas senón tamén a zonas de calzada.



En consecuencia, calquera actuación na vía requirirá a previa autorización do titular sin a que non procede aprobación definitiva e inicio das obras xa que se invadirían competencias e dominio público alleo ó Concello. Por outra parte a sección proposta para o pavimento de calzada debe ser aprobado polo titular da estrada.

Debe tramitarse pois o proxecto para aprobación pola Xunta de Galicia debido á titularidade da vía, sin cuxa autorización non poderán realizarse as obras.

**6.-** O proxecto que se informa, de novembro de 2.006, mantén os prezos e importe iniciais así como as referencias normativas incluídas no prego de condicións.

Esto presenta dous posibles problemas:

a) Por unha parte, a referencia á L.C.A.P. debe substituírse pola actual L.C.S.P. aínda que esta adaptación non ten consecuencias técnicas nin económicas no resultado final e, en interpretación do que suscribe, pode recollese mesmo no prego de bases da licitación sin que se teña que realizar a modificación do proxecto.

b) Os prezos unitarios e importe final non están actualizados, manténdose os iniciais de novembro de 2.006 polo que ten transcorrido un prazo de dous anos.

Unha actualización dos prezos require unha revisión do proxecto aínda que, polo tipo de obra e a reserva do que resulte na licitación, poderían ser admisibles na actualidade á vista das baixas resultantes de licitacións similares.

**7.-** En resumo, nos aspectos técnicos e urbanísticos de competencia da Oficina Técnica Municipal o proxecto infórmase favorablemente en conxunto coas observacións dos apartados 4 e 6, facendo constar en todo caso a necesaria aprobación previa do titular da estrada AC-133 Fene – Mugar dos / Avda. Marqués de Figueroa e que o presente informe non prexulga as posibles condicións que poida impoñer-la Xefatura Provincial de Estradas á que debe ser tramitado o proxecto como titular da vía.

En Fene, a 26 de novembro de 2.008, aos efectos oportunos.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal: Lino Ameneiro Seijo.”

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS ENTRE A AVDA. DO MAR E AVDA. DA COOPERACIÓN (3ª FASE)”**. Consultor: **PROYFE, S.L.** / Autor: **E.C.C.P. MARCELINO LOPEZ MÉNDEZ** / Importe: **41.576,67 €** / Novembro de 2008.

En relación co proxecto da referencia, Lino Ameneiro Seijo, Enxeñeiro de Camiños Municipal informa:

**1.-** O obxecto do proxecto que se informa consiste na reparación, reordenación e mellora de beirarrúas con modificación da rede de pluviais afectada no entorno dos denominados Bloques V e VI, entre as Avenidas do Mar e da Cooperación en San Valentín (Fene).

**2.-** O Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 107 da Lei de Contratos do Sector Público e no Regulamento Xeral da Lei de Contratos en canto a memoria xustificativa, planos, prego de condicións, presuposto, etc., incluíndo a correspondente declaración de obra completa segundo especificado no Art. 93 da Lei 30/2007 de C.S.P.

3.- As obras manteñen os criterios de tipoloxía, materiais, seccións, etc.; en suma, a formalidade xeral, xa aprobados para os proxectos de actuacións similares na Avda. do Mar / San Valentín.

4.- As obras sitúanse en Solo Urbano Consolidado (S.U.C.) no entorno dos edificios Bloques V e VI, en Norma Zonal de Ordenación Consolidada (O.C.), actuando sobre vial, beirarrúa e praza pública (Pz P).

Por reordenación do aparcamento situado ao Leste da actuación seguindo criterios repetidos de proxectos anteriores prodúcese unha substitución de solos de rúa por praza e viceversa sin que se reduza o dominio público nin as prestacións correspondentes a cada un.

5.- O proxecto propón, no aptdo. 14 da Memoria relativo a clasificación do contratista, unha esixencia de requerimento en Grupo: G) Viais e Pistas / Subgrupo: 6. Obras viarias sen cualificación específica / Categoría: a, si ben a L.C.S.P. establece a obriga de esixencia de clasificación do contratista no caso de obras de importe superior a 350.000 € mentras que a disposición transitoria quinta pode interpretarse no senso de previsión dun desenrolo regulamentario, ata o que se aplicará a lexislación do TRLCAP.

Con esta interpretación o autor do proxecto propón a esixencia de clasificación citada pero a Corporación coñece que en anteriores licitacións a aplicación de criterios restrictivos de clasificación, cando ésta non é directamente requerible, conduciu a recursos con consecuencias de modificacións nos pregos pola reiterada interpretación administrativa de que a norma non pode interpretarse con carácter restrictivo; esto é, que a esixencia non se pode aplicar por debaixo dos límites establecidos.

En consecuencia este aspecto, de carácter xurídico e non técnico do proxecto, deberá ser analizado polo Servicio correspondiente por razóns de competencia sin que teña efectos sobre a calidade xeral do proxecto.

6.- En resume, nos aspectos técnicos e urbanísticos de competencia da Oficina Técnica Municipal o proxecto infórmase favorablemente si ben se fai constar a conveniencia de proceder ao remate da substitución da pavimentación entre bloques para manter criterios formais e visuais de homoxeneidade.

En Fene, a 26 de novembro de 2.008.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal:"

Vista a Nota Informativa de Secretaría núm. 83/2008 de data 27 de Novembro de 2008 que transcrita di:

#### **“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA**

**83/2008**

Téndose entregado nesta Secretaría no día da data os proxectos técnicos .”Proxecto de mellora de seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende P.K. 0 + 755 ata P.K. 0+829 (marxe dereita), “Proxecto de mellora de beirarrúas entre a Avda. do Mar e Avda. da Cooperación (3ª fase) e “Proxecto de pavimentación dos camiños da Carqueixa e Punxeiro e saneamento de augas fecais en Lubián, no Camiño do Catalán e na rúa Travesa (Fene)” e incluído na Orde do Día da sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación convocada polo Sr. Alcalde-Presidente no día de hoxe , a celebrar ás 09:00 horas do día 28 de novembro de 2008 o asunto relativo a Plan Provincial Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009, por esta Secretaría, coas limitacións propias desta nota e do escaso tempo hábil con que contou para o exame do asunto , fáñse as seguintes consideracións:

## **CUESTIÓN PREVIA – CONDICIONAMENTOS**

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do expediente, en concreto dos proxectos e dos informes do enxeñeiro de camiños canles e portos municipal verbo dos mesmos ( a documentación entrégase a esta Secretaría no día da data ) o que impide a emisión dun informe dacordo có disposto na normativa de aplicación e facer unhas consideracións máis axeitadas , polo que as consideracións que seguen poden ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas.

En todo caso, pola que subscribe , como xa se ten solicitado en anteriores ocasións, solicítase que os expedientes se entreguen nesta Secretaría con tempo suficiente ao obxecto de poder exercer axeitadamente as funcións de asesoramento legal e exame de expedientes atribuídas pola normativa vixente.

Primeira.- Con carácter previo cómpre sinalar que os proxectos que se examinan figuran redactados por D. Marcelino López Méndez, de PROYFE,S.L..Non consta a existencia de contrato de servizos entre este Concello e PROYFE para a elaboración dos citados proxectos.

En relación a este extremo por esta Secretaría remítase ao sinalado en anteriores informes e notas informativas polo que, ao non poder ser considerados os servizos como contratos menores , sempre e cando se atopara debidamente xustificada a necesidade da contratación(mediante informe do servizo correspondente- artigo 73.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas) o contrato para a elaboración dos proxectos débese adxudicar a traves dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na Lei 9/2002, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público(LCSP), dacordo cós principios de publicidade , libre concorrència ,igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei polo que se informa que o feito de contratar verbalmente o servizo de elaboración dos proxectos técnicos , prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido infrinxe a legalidade.

Segunda.- Coas limitacións anteriormente citadas, fánse as seguintes consideracións en relación aos proxectos examinados:

2.1.- En relación ao Proxecto de mellora de seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende P.K. 0+755 ata P.K. 0 + 820 ( Marxe dereita)", á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal no seu informe, entende a que subscribe que a referencia que no mesmo se contén ao Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xullo (L.C.A.P.) debería facerse ao disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público. Asimesmo, entende a que subscribe debería procederse á revisión dos prezos do mesmo, á vista da súa data.

Por outra banda, dado que segundo o técnico municipal requírese autorización do titular da vía ( xefatura de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia), infórmase que dita autorización debe constar con carácter previo á aprobación do proxecto, non procedendo, polo tanto a aprobación do proxecto , xa que non consta no expediente examinado dita autorización.

2.2.-Verbo do “ Proxecto de pavimentación dos camiños da Carqueixa e Punxeiro e Saneamento de augas fecais en Lubián, no Camiño do Catalán e na Rúa Travesa (Fene)” cómpre sinalar o seguinte:

- En relación á Pavimentación do camiño do Punxeiro (Magalofes), sinálase polo enxeñeiro municipal no seu informe que o devandito camiño está recollido no PXOM /Rev. 98, discorrendo por solo rústico (S.R.E.P.A. e S.R.A.U) na totalidade de trazado.

A xuízo da que subscribe as devanditas obras, á vista do informado polo técnico municipal requiren autorización autonómica, xa que non se trata dun dos usos permitidos directamente por licenza municipal pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, , autorización autonómica que en todo caso, debe ser previa á aprobación do proxecto, xa que o artigo 196.4, dispón que “ *Non se poderá conceder licenza sen que se acredite o outorgamento da autorización da Comunidade Autónoma cando fose procedente de acordo có disposto nesta lei*”, e que cuando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (STS de 18-4-2000, entre outras).

- En canto ás obras previstas de Saneamento en Lubián (2ª fase)( Sillobre), e Saneamento no Catalán (Maniños-Barallobre) , á vista de que, segundo o técnico municipal , verbo do saneamento en Lubián : “*toda a zona de Lubián está incluída no vixente PXOM/Rev.98 como Solo Rústico Apto para urbanizar (S.R.A.U.)*” e que, polo que respecta ao saneamento no Catalán : “*...xa que os viais e as vivendas ás que da servizo sitúanse en S.R.A.U.*”, dado que, segundo se indica no informe técnico citado, prevése en ambos casos a execución dun colector con ramais secundarios, cómpre informar o seguinte:

O artigo 36.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece como un dos usos permitidos por licenza municipal en solo rústico de protección ordinaria os sinalados no artigo 33.1 f), é dicir “ *Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.*”

Establece a Lei no artigo 33.1.f) anteriormente transcrito as seguintes condicións para poder autorizar as instalacións ou redes ás que fai referencia ; que non impliquen a urbanización ou a transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

A xuízo da que subscribe, o saneamento implica unha obra de urbanización , é dicir, aínda que as parcelas carezan doutros servizos, o certo é que dotarlles de saneamento supón unha certa urbanización das mesmas ( nos supostos examinados prevése a execución dun colector e ramais)

Agora ben, débese ter en conta que o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que “*Los Municipios por si o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, accesos a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas(....)*. En termos similares se pronuncia o artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, ao sinalar que “*Los municipios, independientemente o asociados , prestarán, como mínimo, los siguientes servicios: a) En todos los municipios. Alumbrado público, cementerio, recogida selectiva, en su caso, de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación y conservación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas en todo lo que no sea competencia de otras Administraciones*”. E o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que son dereitos e deberes dos veciños (....) g)

esixir a prestación e, en todo caso, o establecemento do correspondente servizo público no suposto de constituir unha competencia municipal de carácter obrigatorio.

No suposto examinado, como se indicou, non se cumpre o disposto na lexislación urbanística, en concreto o disposto no artigo 33.1 f) da Lei 9/2002.

Polo exposto en relación a este extremo, por esta Secretaría se considera procedería elevar consulta á Dirección xeral de urbanismo.

-Polo que respecta ao sinalado no apartado 3.5 do informe do enxeñeiro municipal verbo do saneamento dende a Rúa Travesa ata Avda. de Tarrío (Perlió), esta Secretaría precisa un maior prazo para o estudio exame e informe desta cuestión cuestión, prazo éste que se solicita expresamente.

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente o Proxecto de pavimentación dos camiños da Carqueixa e Punxeiro e Saneamento de augas fecais en Lubián, no Camiño do Catalán e na Rúa Travesa (Fene), polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa tres(3) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame da documentación requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.

Fene, 27 de novembro de 2008.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o **Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009** no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Orzamento
“PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE CARQUEIXA E PUNXEIRO E SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS EN LUBIÁN, NO CAMIÑO DO CATALÁN E NA RÚA TRAVESA (FENE).	209.779,07 €	44.952,66 €	254.731,73 €
“MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA AVDA. MARQUÉS DE FIGUEROA DENDE P.K. 0+755 ATA P.K. 0+820 (MARXE DEREITA).	42.307,35 €	9.065,86 €	51.373,21 €
<b>TOTAIS</b>	<b>252.086,42 €</b>	<b>54.018,52 €</b>	<b>306.104,94 €</b>

Segundo.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2009 e que se relacionan no punto anterior.

Terceiro.- Aprobar o Plan complementario do ano 2009 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Denominación da obra	Orzamento
"MELLORA DE BEIRARRÚAS ENTRE A AVDA. DO MAR E AVDA. DA COOPERACIÓN (3ª FASE).	41.576,67 €

Cuarto.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2009 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2009.

Sexto.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta prodúcese efectivamente.

Sétimo.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 27 de Novembro de 2008.

O alcalde,

Asdo. Iván Puentes Rivera."

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que aceptan as desculpas pola tardanza pero que é unha cuestión que se repite de xeito habitual, polo que cren que os seus dereitos de información véñense mermados por ter que coñecer os proxectos onte ás catro da tarde para ter que vir a un pleno hoxe ás nove da mañá, e rogan que eses proxectos se lles entreguen con mais antelación. Continúa dicindo que non só é por eles, senón tamén para os técnicos xurídicos municipais, porque véñense nun apuro moitas veces para informar eses proxectos de xeito precipitado o que, ao mesmo tempo, está a reverter no dereito de información que ten a oposición, polo que cren que se debe tratar de solventar ese problema que se ven producindo de xeito reiterado.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro D. Edgar Antonio Vigo López).

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que na elaboración destes proxectos eles non participaron nada; que os proxectos os coñeceron onte ás catro da tarde, polo que, ao non ter información, vánse abster.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que, en canto ao tempo, solicita que no sucesivo se faga con máis tempo e que, en canto aos proxectos, vai votar a favor.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde e manifesta que entende a postura manifestada polo voceiro do PP; di que a verdade é que a vontade do goberno non é ocultar información nin evitar que se coñezan proxectos deste tipo; que os prazos son bastante axustados para redactar os proxectos e que estes foron presentados o mesmo día que chegaron ao Concello; que quere que se entenda que non hai ningún intento de ocultación por parte do goberno municipal.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 obténdose o seguinte resultado:

Vostos a favor: doce (12), (dos/as Sres./as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4), (dos/as Sres./as Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008, que devén en acordo termos anteriormente transcritos.”

### **3.- APROBACIÓN MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO.-**

A continuación, polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificado pola disposición adicional novena da Lei 8/2007, de 28 de maio, dispón que:

Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como que formularon así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, engadindo o precepto legal citado que tales declaracións, nos modelos aprobados polos Plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Considerando, á vista da modificación do precepto transcrito, necesario aprobar un novo modelo de declaración sobre bens e dereitos patrimoniais adaptado ao marco legal vixente.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar o modelo de declaración de bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo que a seguir se transcribe:

#### **REXISTRO DE INTERESES DECLARACION DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACION EN SOCIEDADES**

CORPORACION: ANO 20\_\_/20\_\_

DATA DE ANOTACION:

NUMERO DE REXISTRO:

DATOS DO DECLARANTE		
Primeiro apelido		
Segundo apelido		
D.N.I.		
DOMICILIO:	RUA	Nº
LOCALIDADE:	C.P.	

TIPO DE DECLARACIÓN (Sinale cun X o recadro que proceda)	
<input type="checkbox"/> Inicial (Antes da toma de posesión)	<input type="checkbox"/> Anual
<input type="checkbox"/> Modificación (Variación das circunstancias de feito)	<input type="checkbox"/> Final (declaracion por cese do cargo)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o/a que subscribe, cuxos datos de identidade arriba se consignan, formula a presente declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades que consta de \_\_\_ páxinas e manifesta, baixo a súa responsabilidade que os datos son rigorosamente certos:

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO							
Clase (1)	Tipo (2)	Descrición	Emprazamento	Valor Catastral	% de participación	Data de adquisición	Observacións

(1) Clase de ben: R: Rústico; U: Urbano.

(2) Tipo de dereito: P: pleno dominio; N: nuda propiedade; M: multipropiedade, propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares con titularidade parcial do ben; D: Dereito real de uso e goce; C: concesión administrativa.

Nada que declarar neste epígrafe 1.

Se o espacio reservado para indicar o bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan.....



2.- DEPOSITOS EN CONTA CORRENTE, DE AFORRO E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓNS EN CONTA	
Clase	Entidade de depósito

ف Nada que declarar neste epígrafe 2.

Se o espacio reservado para indicar o bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan.....ف

3.- OUTRO PATRIMONIO MOBILIARIO				
Clase	Denominación e obxecto social	Porcentaxe de participación	Data de adquisición ou subscrición	Sociedades participadas
Accions e participacións de todo tipos en sociedades e institucións de investimento colectivo				
Clase	Denominación e obxecto social	Porcentaxe de participación	Data de adquisición ou subscrición.	
Seguros de vida, plans de pensións rendas temporais				

e vitalicias.			
Débeda pública, obrigas e bonos			
Outros bens patrimoniais (dereitos derivados da propiedade i nlectual ou industrial, obrigas de pagamento, etc...)			

ث Nada que declarar neste epígrafe 3.

Se o espazo reservado para indicar o bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan.....ث

4.- VEHICULOS		
Clase	Modelo	Data de Matriculación

ث Nada que declarar neste epígrafe 4.

Se o espazo reservado para indicar o bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan.....ث

5.- SEMOVIENTES			
Especie	Nº de cabezas	Descrición	Observacións

ث Nada que declarar neste epígrafe 5.

Se o espacio reservado para indicar o bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan.....ث

#### 6º.- LIQUIDACION DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FISICAS

ث Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano).

ث Declara que no exercicio \_\_\_\_\_ non tiña obriga de contribuír.

#### 7º.- LIQUIDACION DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

ث Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre o Patrimonio correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano).

ث Declara que no exercicio \_\_\_\_\_ non tiña obriga de contribuír.

#### 8 º.- LIQUIDACION DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

ث Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre o Patrimonio correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano).

ث Declara que no exercicio \_\_\_\_\_ non tiña obriga de contribuír.

Fene, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008

Ante mín

O declarante

O/A secretario/a

Asdo: \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_”

Fene, 27 de novembro de 2008.

O alcalde,  
Asdo. Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e dezaseis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.